



XENTES DE AQUÍ... E DE MOI' ALÁ.

Luisa Gerpe e Rosalia Vilela

- Veña, nena, a lavar os dentes e a durmir.
- Mamá, no teño sono - contestou Rosalia cos ollos medio pechados.
- Tes que ir para cama, que mañá é día de escola- dixo o pai cun sorriso.
- Vale, durmo ... se me contades un conto.
- Sube con mamá, e mentres eu recollo a cociña, ela cóntache ese conto que tanto che gusta.
- Vale, papi. Ota mañá. Un bico.
- Mami, xa lavei os dentes ... Ven e cóntame o conto.



*Hai moito, moito tempo, nun país de moi lonxe, perto do mar, vivía unha parella que estaba moi triste porque non tiña fillos.

Desesperados, pedíronlle unha meniña á estrela da fartura - que como todo o mundo sabe concede desexos se os pides de corazón ... - Escribíronlle unha carta aos Reis Magos asegurándolles que foran moi bos e que por iso pedían un fillo ..., e cando alguén lles dixo que se arrolaban un berce baleiro e pedían un desexo, os trasegos o concedían, non dubidaron en intentalo ...

Mais todo foi inútil e o tan desexado bebé non chegaba.

Un fermosa noite de verán, cando xa perderan toda esperanza de ser pais, entrou pola fiestra unha avelaiña branca...





2



- Oh, miral unha avelaiña branca! Din as lendas que sempre traen boas novas - dixolle Luisa ao seu home.

- Oxalá teñas razón, miña muller, aínda que eu xa non me fago ilusións. Contestou Ramón, pensando no filliño ou filliña, mais sen atreverse a mencionalo.

Uns días máis tarde, chegou o carteiro cun misterioso paquete. Cheos de emoción abrírono e cal non sería a súa sorpresa cando viron a foto dunha fermosa nena e unha notinha que dicía:

"Ola. Acabo de cumprir un aninho e non teño papás. Queredes selo vos? Son moi boa e moi simpática. Se aceptades prometo iluminar a vosa vida e enchela de felicidade.
Firmado Wei Ming Wen"

- Lu, ti ves isto? Imos ser os pais da nena máis bonita do mundo. Por fin cumpriremos o noso soño!!! -exclamou Ramón saltando de felicidade ca foto da nena na man.

- Non o podo crer -dixo Luisa relendo a nota unha vez máis- Temos que celebrar unha festa con todos os nosos amigos para ensinarlles a foto. Vou comezar cos preparativos ... Teño que facer a lista das cousas que hai que mercar, preparar os adornos, escoller o menú

Era case o fin do verán cando chegou a gran noite da festa.
Todos os invitados trouxeron un agasallo para a nena:



- Nós traémoslle esta cesta de froitas e verduras para que sempre teña boa saúde - dixeron Novás, Chus, Xulia e Helena.



David e Lidia chegaron cunha pequena caixiña:

- Aquí tedes unha moeda de ouro, para que o seu corazón tamén sexa de ouro.

Victor e Ana cargaban cunha pesado paquete:

- Mercámoslle uns libros, para que sexa unha persoa intelixente e imaxinativa.

- Nós traémoslle esta pomba, para desexarlle unha vida chea de paz e de luz dixeron

David e Pilar abrindo a porta dunha gaiola da que saíu voando unha fermosa pomba branca.

Os avós chegaron sorrindo e levando nas mans unha caixa de cartón ... que se movía!

- O noso regalo é un can, para que sexa sempre fiel á súa xente e aos seus principios.

- Eu gustaría de que fora unha persoa con aptitudes artísticas que faga fermosos debuxos, por iso tráíolle este estoxo con pinceis e pinturas -afirmou o seu tío Carlos.

- Esta torta do Urés é para desexar que o seu carácter sexa forte pero tamén doce- E Xabier, o "Piolo", e Inocencia apousaron unha gran torta de améndoas enriba da mesa.





6

- Nós traemos un xadrez para que planifique as xogadas da vida e non tome ningunha decisión sen meditar antes as consecuencias- dixeron Dolores, Luis e Lucia


- Eu espero que sexa unha muller con espírito de aventura pero que non perda nunca o norte, por iso traio estes recordos tan queridos de Guinea- Dixo Carmela entregando a súa mochila e a súa brúxula.

- Eu copiei "a miña receita dos callos", e outras moitas, para que na súa mesa nunca falte comida e alegría. E Anxeles apousou enriba da mesa un vello e gastado caderno no que estaban escritos todos os seus "segredos" de cociña.

Os seus padriños, Barca e Lolo, acompañados de Elias e de Enmanuel, chegaron cunha gran maleta:

- E nós traemos estes fermosos vestidos para que sexa unha persoa elegante por dentro e por fóra.

A festa estaba resultando magnífica. A noite era clara e tranquila. A lua chea, dun laranxa intenso, saía polos montes de Leis iluminando a Praia do Lago. Todos os convidados rían, comían, bebían e sentíanse moi felices por compartiren cos seus amigos unha noite tan chea de sentimentos, de emocións e de ledicia.



De súpeto, unha mesta néboa pousouse na ría de Muxia, e do medio dela xurdiu a horrible figura da Bruxa Patética rindo, mais cos ollos cheos de odio.



A súa cinica risa fixo tremer a todos os invitados que contemplaban en silencio a escena.

Que imaxe tan fermosa! Todo o mundo reunido celebrando unha divertida cea á que eu non fun convidada. Vexo, meus queridos amigos, que estades perdendo os vosos costumes. Como castigo a este desprezo farei que non poidades atopar a esa nena xa que vive nun afastado país ao que non lograredes chegar. E no improbable caso de que chegedes, xamais seredes quen de aprender a súa lingua. Non poderedes entendervos alá con ningún. Non saberedes ler a súas estrañas letras. A vosa busca será unha misión imposible.

E despois de botar este terrible maleficio desapareceu no medio da néboa cunha horrible gargallada.

Todos os convidados quedaron desolados ... A felicidade dos seus amigos acababa de desfacerse. Xamais coñecerían a súa filla, nunca a poderían abrazar, bicar, darlle alumiños ... e todo por culpa do rancor e da envexa da Bruxa Patética que era incapaz de ver feliz á xente ...


Ainda non se repuxeran do susto, cando apareceron tres fermosas Damas, de longos cabelos loiros, vestidas cunhas resplandecentes túnicas brancas.


- Non collades medo. Somos as Damas dos Castros, Fauna, Mar e Amizade. Sabedes que nós protexemos aos nenos que se atopan en perigo e por iso esta noite decidimos saír dos nosos Castelos de Cristal para combater a Patética e anular o seu maleficio.

- Luisa- dixo Fauna- sei que te preocupas de todos os animais do meu reino e en pago, concedoche que un gran paxaro xigante vos leve ata ese afastado país no que vive a vosa filla e vos traia de volta a Muxia con ela.


- Ramón - dixo Mar- sei que te preocupas por todas as criaturas do meu reino que morren pola contaminación e polo chapapote. Por iso, en sinal de agradecemento, entrégoche un mapa no que está sinalado o punto exacto no que vive a vosa filla.

- Queridos amigos - dixo Amizade - sei que sempre procurades que todos se sintan a gusto na vosa casa e que polo tanto levades o meu reino con vós. O meu agasalho será que un pequeno Dragón, amigo meu, que vive e coñece ese fermoso país e a súa difícil lingua, vos acompañe e vos axude a rematar con éxito a vosa viaxe.





10



E así foi como unha mañá de finais de agosto subiron a un gran avión (o paxaro xigante que prometera Faunal) e atravesaron terras, ríos e mares guiándose polo mapa de Mar. Desea maneira, por fin, unha madrugada, chegaron a un país misterioso chamado China onde os esperaba o pequeno amigo de Amizade.

- Ola, permitideme que vos de a benvinda ao meu milenarío país- dixo Muxiahe, o Dragón- Estou aquí para guiarvos e axudarvos a que vos entendades coa vosa filla. Cando a encontremos e rematemos a nosa aventura, nunca máis poderedes volver a entender nin a falar a nosa lingua. Esa é a única condición que vos poño.

Os felices pais, seguiron ao Dragón tremendo de emoción. Atravesaron unha gran cidade de enormes edificios e intenso tráfico. Viron milleiros de persoas que camiñaban polas rúas ou montaban nas súas vellas bicicletas... E por fin, conducidos polo seu novo amigo e guiados polos seus sabios consellos, abriron un gran portalón, atravesaron un longo camiño e entraron nun vello edificio, onde os esperaba unha muller de cara bondadosa, cunha pequena meniña no colo...

Cando por fin os tres se abrazaron, sentiron tal felicidade que esqueceron todos os problemas que tiveran que superar. E se agora os ves pola rúa e lles falas de mouras, bruxas, avelaiñas e dragóns miraránche cunha cara rara e dirán:

- Hai que ver que mal está algunha xente. Ben, nós ao noso, que temos que atopar onde remata o Arco da Vella para coller a pota de ouro, porque necesitamos cartos para arranxar a corte do noso Unicornio.

- Si - dixo a nena - mais antes imos ao bar do Papi a ver si Lourdes nos fai un pouco de raxo e unha tortilla, porque estou famenta.

- De acordo, - dixeron os pais ríndose.

Pero eu sei que todo foi verdade.
E colorín colorado, este conto ...”Rematou a nai colocando un pequeno dragón de xade no estante dos libros.

Pero Rosalia no puido oír o final, porque xa había un cachirío que Pedro Chosco viñera visitala ...



